

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E O CONCELLO DE RIBADAVIA PARA O DESENVOLVEMENTO DA TRIXÉSIMO OITAVA EDICIÓN DA MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA 2022**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) pretende formalizar co Concello de Ribadavia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2022.

**Que o instrumento convencional ten por obxecto:**

O financiamento por parte da Agadic da trixésimo oitava edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia 2022, que se desenvolverá nesta poboación ourensá entre os días 15 ao 24 de xullo de 2022, nunha edición que recupera plenamente a súa dimensión internacional, que volve a traer a Galicia os mestres da escena latinoamericana e europea á que nos tiña acostumados a Mostra, que avanza na relación coas compañía galegas a través das coproducións, e que volta ás actividades de mediación a través dos foros da MIT, a expansión do programa de rúa e as relacións co ámbito académico do festival.

**Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:**

Galicia conta cun tecido cultural de extraordinaria calidade, con propostas de enorme interese que cómpre fomentar e protexer, e a celebración da MIT de Ribadavia, como unha das citas que maior interese vén concitando nos últimos anos, é xa un bo exemplo de volta á normalidade do eido escénico, unha cita na que a recuperación da confianza dos públicos resulta crucial.

A Agadic decide participar no financiamento deste programa por tratarse dunha actividade de primeira liña na nosa Comunidade, dunha das marcas culturais xa consolidadas en Galicia. A MIT de Ribadavia é un símbolo histórico, tradición de Abrente herdada como oportunidade para consolidar unha marca de prestixio grazas a toda a súa potencialidade do contexto pero tamén da innovación da xestión, a sobretitulación de espectáculos internacionais, os talleres de formación ou o diálogo exterior nun contexto de fluxo activo con outras alianzas consolidadas de teatro contemporáneo de verán.

Na liña de recuperación da nosa cultura e co fin de acadar unha maior eficacia na consecución dos nosos obxectivos de establecer unha programación cultural axeitada ás diferentes sensibilidades e



gustos, o máis variada posible, da que poida gozar maioritariamente a poboación galega e dado o interese común na posta en marcha tanto de novos programas coma de mellora dos xa existentes, é polo que se artella este convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e o Concello de Ribadavia que ten por obxecto o desenvolvemento de actividades teatrais que enriquecen, sen dúbida, o noso patrimonio cultural.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

